



Tratamento farmacolóxico para deixar de fumar
Como utilizar o bupropión



Plan de atención sanitaria ao tabaquismo en Galicia



O BUPROPION é un medicamento de grande axuda para deixar de fumar. Non suprime totalmente as ganas de fumar, pero fainas menos intensas e máis facilmente controlables.

Tómeo só por prescrición médica. É un fármaco que pode ter efectos adversos e non todas as persoas o poden utilizar. **Non llo facilite a ninguén.** PARA MÁIS INFORMACIÓN, CONSULTE CO SEU TERAPEUTA OU O PROSPECTO DO MEDICAMENTO

¿COMO SE UTILIZA?

Tome un comprimido diario ao levantarse polo menos 7 días antes do día acordado para deixar de fumar.

Durante a primeira semana, poderá seguir fumando. Pode que o cigarro lle apeteza menos ou note que cambia o seu sabor.

Se o seu médico así llo indica, a partir do 7º día tome outro comprimido 8 horas máis tarde.

Se un día se esquece, non pasa nada, aínda que é mellor que non ocorra. Non tome nunca os dous comprimidos xuntos.

CONTRAINDICACIÓNS

Está contraindicado nas persoas con antecedentes de crises convulsivas, bulimia, anorexia nerviosa ou que tomen ou tomasen sedantes ou tranquilizantes, recentemente e de forma prolongada.

EFECTOS SECUNDARIOS

Moitos dos síntomas relacionados coa abstinencia do tabaco (por exemplo, axitación, insomnio, tremores, suores), son tamén síntomas adversos relacionados co bupropion.

Efectos non desexados máis habituais son: sequidade de boca, dor de cabeza, dificultade para durmir, nerviosismo, sensación de mareo, náuseas ou estrinximento. Estes efectos adoitan aparecer durante os primeiros días e desaparecen na maioría dos casos. Se persisten, consulte co seu médico.

Durante o tratamento deberá prestar unha maior atención en situacións que entrañen un certo risco (conducir ou utilizar maquinaria perigosa...).

Servizo Galego
de Saúde

Secretaría Xeral
Servizo Galego de Saúde

Información divulgativa

Se ten signos dunha reacción alérxica (erupción na pel, comechón, avermellamento, dificultades para respirar), deixe de tomar os comprimidos e póñase en contacto co seu médico.

Se o seu médico lle aconsella deixar o tratamento, poderá facelo dun día para outro, xa que non crea dependencia nin a necesidade de deixalo gradualmente.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE